

4º ESO

Bloque 1. A evolución da vida

♣ B1.1. Célula procariota e célula eucariota: relacións evolutivas. Célula animal e célula vexetalmorfoloxía e función. ♣ B1.2. Núcleo e ciclo celular. ♣ B1.3. Cromatina e cromosomas. Cariotipo. ♣ B1.4. Mitose e meiose: principais procesos, importancia e significado biolóxico ♣ .B1.5. Ácidos nucleicos: ADN e ARN. ♣ B1.6. ADN e xenética molecular. Proceso de replicación do ADN. Concepto de xene. ♣ B1.7. Expresión da información xenética. Código xenético. ♣ B1.8. Mutacións. Relacións coa evolución ♣ .B1.9. Herdanza e transmisión de caracteres. Introducción e desenvolvemento das leis de Mendel. ♣ B1.10. Base cromosómica da herdanza mendeliana ♣ .B1.11. Aplicacións das leis de Mendel ♣ .B1.12. Herdanza do sexo e herdanza ligada ao sexo ♣ .B1.13. Doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social. ♣ B1.14. Técnicas da enxeñaría xenética. ♣ B1.15. Aplicacións da enxeñaría xenética. Biotecnoloxía. Bioética. ♣ B1.16. Orixe e evolución dos seres vivos. Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra. ♣ B1.17. Teorías da evolución. Feito e mecanismos da evolución ♣ B1.18. As árbores filoxenéticas no proceso de evolución. ♣ B1.19. Evolución humana: proceso de hominización.

Bloque 2. A dinámica da Terra

♣ .B2.1. Historia da Terra. Orixe da Terra. Tempo xeolóxico: ideas históricas sobre a idade da Terra. Principios e procedementos que permiten reconstruír a súa historia. Utilización do actualismo como método de interpretación. ♣ B2.2. Eóns, eras xeolóxicas e períodos xeolóxicos: situación dos acontecementos xeolóxicos e biolóxicos importantes. ♣ B2.3. Os fósiles guía e o seu emprego para a datación e o estudo de procesos xeolóxicos. ♣ B2.4. Interpretación de mapas topográficos e realización de perfís topográficos. Interpretación e datación de procesos representados en cortes xeolóxicos ♣ ..B2.5. Estrutura e composición da Terra. Modelos xeodinámico e xeoquímico. ♣ B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas. ♣ B2.7. Evolución do relevo como resultado da interacción da dinámica externa e interna.

Bloque 3. Ecoloxía e medio ambiente

♣ B3.1. Compoñentes e estrutura do ecosistema: comunidade e biótopo. Hábitat e nicho ecolóxico. ♣ .B3.2. Factores ambientais e seres vivos. Factores limitantes e adaptacións. Límite de tolerancia. ♣ B3.3. Relacións intraespecíficas e interespecíficas. Influencia na regulación dos ecosistemas. ♣ B3.4. Autorregulación do ecosistema, da poboación e da comunidade. ♣ B3.5. Relacións tróficas: cadeas e redes. B3.6. Dinámica do ecosistema. ♣ B3.7. Ciclo da materia e fluxo da enerxía. ♣ B3.8. Pirámides ecolóxicas. ♣ B3.9. Ciclos bioxeoquímicos e sucesións ecolóxicas ♣ .B3.10. Eficiencia ecolóxica e aproveitamento dos recursos alimentarios. Regra do 10 %. ♣ B3.11. Actividade humana e medio ambiente. Impactos e valoración das actividades humanas nos ecosistemas. Consecuencias ambientais do consumo humano de enerxía. ♣ B3.12. Os recursos naturais e os seus tipos. A superpoboación e as súas consecuencias: deforestación, sobreexplotación, incen-

dios, etc. ♣ B3.13. Os residuos e a súa xestión. Coñecemento de técnicas sinxelas para coñecer o grao de contaminación e depuración ambiental. ♣ B3.14. Uso de enerxías renovables como factor fundamental para un desenvolvemento sustentable. Consecuencias ambientais do consumo humano de enerxía

. Bloque 4. Proxecto de investigación

♣ .B4.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e comprobación e argumentación a partir da experimentación ou a observación ♣ .B4.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica. ♣ B4.3. Proxecto de investigación: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.

TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
BLOQUE 2	BLOQUE 3	BLOQUE 1

*O BLOQUE 4 SE DESARROLLARÁ DURANTE TODO O CURSO.

7-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 4º ESO

Os procedementos para a avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as serán os seguintes:

- **Probas escritas (70% da cualificación da avaliación):**

Realizaranse como mínimo dúas probas escritas en cada trimestre. A nota deste apartado será a media destas probas.

- **Traballos e/ou proxectos de investigación(10%)** valoraranse mediante rúbrica.

- **Traballo diario:**

Actividades realizadas na aula (10%) Realizaranse na aula distintas actividades como test, cuestionarios, actividades interactivas,...
Revisión das mesmas e rexistro no caderno do profesor/-a. A nota destas actividades realizadas na aula suporá o 10% da nota na cualificación.

Tarefas propostas (10%). Neste apartado valorarase os seguintes aspectos: a realización das tarefas propostas para casa, realización do traballo na aula/laboratorio, claridade e corrección na presentación das tarefas e presentación das mesmas no prazo establecido.

Para superar cada avaliación será preciso alcanzar un 5 sobre 10 ao considerar todos os aspectos anteriormente tratados.
Para superar a materia deberá obterse unha nota mínima de 5 na media das tres avaliacións.

*Estes criterios complementáanse coas normas sobre cualificacións da programación, que transcribimos e ampliamos quedando:

a.- A nota mínima para superar a materia será de 4,5 .En canto ao redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media

b.- Se un alumno/a é sorprendido copiando mediante calquera sistema durante a realización dunha proba escrita, a cualificación no exame correspondente será de 0 puntos.

c.- O uso de calquera dispositivo electrónico (móvil, MP3, Ipad, tableta , etc) durante a realización de probas orais ou escritas de todo tipo (exámenes, controis de clase) considerárase equivalente ao uso de chuletas e será sancionado sancionará cun cero na cualificación da correspondente proba

Mecanismos de recuperación para o alumnado que non acade os obxectivos propostos:

No momento que se detecte que o alumno/a non esta acadando os obxectivos fixados, propoñeránselle unha serie de actividades de reforzo, similares ás realizadas na aula.

Se non se acada a nota mínima de 5 o alumno/a terá dereito a recuperar a parte adicada ao exame (70%) nunha proba de recuperación no seguinte trimestre . Non poderá modificarse a nota nos outros apartados referidos ao traballo diario e traballos / proxectos. Se o alumno/a non supera a materia por exames parciais terá dereito a un exame final en xuño que pola súa excepcionalidade supora o 100% da nota. Para superar a materia o alumnado terá que alcanzar como mínimo un 5. Para o alumnado que tivera unha ou dúas avaliacións suspensas farase unha proba coas avaliacións non superadas. Esta proba final versará sobre os estándares correspondentes as avaliacións non superadas.

A nota final da materia virá dada pola media das tres avaliacións e, para aprobar deberá ser igual ou superior a cinco puntos.

No mes de setembro realizarase unha proba extraordinaria sobre os contidos de todo o curso baseándose nos estándares de aprendizaxe como indica o decreto 86/2015.